

MÚSICA PENDENTE DE 2º ESO

1. CONTIDOS MÍNIMOS DE MÚSICA 2º DE ESO

- As figuras musicais e silencios. As notas musicais. Compases binarios, ternarios e cuaternarios. Pulso e acento.
- As calidades do son: altura, timbre, intensidade e duración.
- Diferentes indicacións de tempo ou movemento.
- A melodía. A harmonía e o acompañamento.
- A orquestra sinfónica. Clasificación dos instrumentos: corda, vento- madeira, vento-metal e percusión. Identificación de cada instrumento segundo a súa familia.
- A forma musical. Formas binarias, ternarias, rondó e forma estrófica.
- Clasificación das voces humanas segundo a súa tesitura. Coro e tipos de coro

Interpretar unha das seguintes melodías de frauta:

- Shuffle
- Muffin
- Steel Style
- Rasta Star
- O himno da alegría

2. INSTRUMENTOS E CUALIFICACIÓN:

a) Entrega das tarefas de repaso. A data límite será o 17 de maio. Son carácter obrigatorio. Terán un peso do 40%.

b) Proba individual no día publicado na páxina web. Será a través da plataforma establecida pola Consellería, Cisco Webex.

Esta consistirá nunha proba oral dos contidos teóricos e outra de carácter práctico onde interpretará unha das melodías de frauta arriba indicadas. Esta será elexida polo alumno.

Esta proba conxunta terá un peso do 60%.

c) A cualificación final será a media ponderada das tarefas de repaso (40%) e a proba individual (60%)

3. INFORMACIÓN AO ALUMNADO

A información enviarase por abalar a través do centro, correo electrónico e aula virtual.